

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 01-05-2023
ata a día 01-06-2023
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA



SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

NOMEAMENTOS PARA CUBRIR, EN PROPIEDAD, TRES (3) PRAZAS DE AUXILIAR A.X, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (1 DA COTA XERAL E 2 DA COTA DE RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN, CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2019 E 2021

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 21 abril de 2023, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

"As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoca a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas oferta de emprego público, acceso libre (cota xeral ou cota discapitados) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de oposición, (3) prazas de Auxiliar A.X, da escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario (1 cota xeral e 2 cota de reserva para persoas con capacidades diferentes), correspondentes as Ofertas de Emprego Público para os anos 2019 e 2021 fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 134, do 13 de xuño de 2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador, que para cumprimento da base 9.3 que literalmente sinala: "No suposto de que existan prazas reservadas a cota de discapacidade e que non sexan cubertas por persoas con discapacidade, estas acumularanse ao sistema de acceso xeral (...)", ao non haber aspirantes da cota de reserva de persoas con capacidades diferentes que superaran o proceso selectivo, acumula as dúas prazas reservadas a esta cota á cota xeral.

Acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 10.1, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5.1, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionarias de carreira a:

Dona Beatriz Valle Vara, para ocupar a praza número 955, denominada Auxiliar A.X, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2021, adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar A.X entrada número 1635.

Dona María de los Ángeles Álvarez Díaz, para ocupar a praza número 778, denominada Auxiliar A.X, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2019, adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar A.X entrada número 1143.

Dona María Brandariz Seoane, para ocupar a praza número 978, denominada Auxiliar A.X, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2021, adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar A.X entrada número 1722".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 25 de abril de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1282

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 01-05-2023
ata a día 01-06-2023
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXANCIA

